

O TRABALLO CO EQUIPO DE DIRECCIÓN

A dramaturxia

O dramaturxista é o primeiro nexo co teatro que terá o director de escena. É, sobre todo, o asesor literario do director de escena. Inicialmente ocúpase da elección e adaptación dos textos dramáticos. Tamén axuda a deseñar o perfil do teatro dentro da tarefa sociocultural que desenvolve na sociedade. Alén disto, traballa co director de escena no cásting de actores e actrices, a elección da tradución da obra, adaptación, e a busca e preparación de toda a literatura secundaria relacionada co tema da obra. Nos últimos anos engade outros traballos como o de relacións públicas, escribe o programa de man, diseña a páxina web, dá conferencias de prensa, organiza festas e charlas co público e, nas óperas, realiza os subtítulos do espectáculo. No traballo co director de escena, o dramaturxista fai as veces de avogado do diaño en defensa dos contidos a obra e do seu autor. Cuestiona as ideas do director.

A escenografía

1. Distintos tipos de escenario

A través da historia, a maioría de teatros empregaron tres tipos de escenario: de proscenio, de gravata e circular ou arena. Aínda hoxe se dan estas variantes, algunhas veces mesturadas.

Escenario de proscenio ou á italiana

O proscenio é a zona que separa o escenario do patio de butacas. O arco do proscenio é a abertura do muro a través da cal o público ve a representación. O proscenio desenvolveuse para enmascarar o escenario, agachar a maquinaria e crear un espazo de saída e entrada de intérpretes fóra do escenario.

Escenario de gravata

É unha plataforma que sobresa e cara ao patio de butacas arrodeada de público por tres partes. Foi utilizada polo teatro grego antigo, o isabelino, o clásico español, o inglés da restauración, o clásico chinés e xaponés e a meirande parte do teatro occidental do século XX. Este tipo de escenario crea maior intimidade entre intérpretes e público ao non haber barreiras.

Escenario circular ou arena

Espazo escénico totalmente arrodeado polo auditorio. En certas ocasión usouse no século XX, mais os seus antecedentes son non dramáticos, pois é típico do circo. O tipo de escenario e os movementos dos actores e actrices fai que sempre algunha parte do público vexa algún deles de costas viradas.

2. Auditorios

Os auditorios do século XX son, na súa meirande parte, variantes do auditorio construído en 1876 polo compositor Richard Wagner para o seu famoso teatro da ópera de Bayreuth, en Alemaña. Polo xeral teñen forma de abano e unha inclinación cara arriba desde a primeira fila, os asentos dispóñense de forma alterna para non obstruír a visión. Algúns teñen anfiteatro e outros posúen palcos.

3. Diferentes tipos de escenografía

Escenografía abstracta

Non se centra en ningún lugar nin tempo específico. Úsase para dar a sensación de atemporalidade ou universalidade. É a indicada para as obras de Shakespeare, pois precisa un cambio de escenografía rápido, con poucos obxectos significativos, ficando un espazo grande para que os actores e actrices se expresen con liberdade. O público desenvolve a súa imaxinación, xa que non é unha escenografía moi descritiva. Resáltase máis o texto, o vestuario e a iluminación.

Dentro desta categoría temos:

- a) O espazo baleiro. Non ten decoración ou a mínima indispensábel. Interesante para obras con moitos cambios escénicos. Proporase ao espectador entrar na ilusión espacial co *si máximo*: unha alfombra, un estrado, un círculo de area, un cadrado de xiz... espazos únicos que non mudan coas diferentes escenas.
- b) Escenografía minimalista. Expresión mínima, condensación total para contar o todo, con moi poucos elementos reducimos asociativamente niveis máis complexos. O mesmo estrado pode servir para definir diferentes lugares: un banco, unha cama, un autobús. As paredes poden ser biombos movíbeis creando cos movementos diferente espazos. As asociacións deben ser transmitidas ao público, a través da destreza interpretativa do actor/actriz.

Escenografía naturalista

Intento de trasladar a realidade dun espazo concreto ao escenario. A iluminación tamén é naturalista, situando as escenas nunha hora concreta do día e irá mudando co transcorrer do día. O maior problema para este tipo de escenografía é o seu alto presuposto, pois tenta recrear todos os detalles.

Escenografía simbólica

Non se detén en procurar unha síntese, senón que persegue o símbolo. Non se trata de expresar a esencia, por exemplo, dun bosque, a través dun xogo de luces e sombras ou unhas cordas penduradas, senón o significado do mesmo. Procurará darlle expresión creando formas intrincadas que representen o subconsciente da mente humana.

Escenografía en espazos non convencionais

Rúas, espazos abertos, prazas de mercados, igrexas, cuartos e en xeral, en edificios non construídos para uso teatral. Os elementos que se engadan deben ser mínimos ou nulos. A elección dun curral, unha nave ou un tranvía supón que xa posúe a ambientación que se pretende.

Vestuario

1. Definición do personaxe

Existen dúas posibilidades: quer o realiza o escenógrafo, quer son dous especialistas por separado. Cando o realiza unha soa persoa, o concepto tende a ser, loxicamente, máis unitario. No caso de ser dous, poden potenciarse co traballo en equipo e terán máis tempo para realizar as súas achegas. O director deberá

transmitir ao deseñador de vestiarios o seu concepto de posta en escena: tema, época... O vestiario e a maquillaxe definen un personaxe. polo tanto, o maquillador e o deseñador de vestiarios traballan xuntos.

As cores ocupan un lugar importante, pois podemos establecer uns códigos:

Vermello: expresa alegría sobranceira e comunicativa; significa paixón, emoción, acción, agresividade, perigo.

Azul: expresa confianza, reserva, harmonía, afecto, amizade, fidelidade, amor.

Verde: expresa esperanza, natureza, xuventude, desexo, descanso, equilibrio.

Amarelo: significa egoísmo, ciúmes, envexa, xenreira, adolescencia, risa, pracer.

Laranxa: expresa precaución; significa festa, pracer, alborada, sol.

Rosa: significa inxenuidade, bondade, tenrura, ausencia de mal.

Violeta: expresa ausencia de tensión; significa calma, autocontrol, dignidade, aristocracia, mais tamén violencia, agresión premeditada, engano.

Branco: expresa inocencia, paz, infancia, divindade estabilidade absoluta, calma, harmonía. En Oriente é a cor da morte.

Negro: expresa disolución, separación, tristeza; determina todo o agachado como a morte, asasinato, noite. Pode ter sensacións positivas como seriedade, nobreza, pesar.

Gris: expresa desconsolo, aburrimiento, pasado, vellez, indeterminación, desánimo.

En canto aos tipos de vestiarios temos os seguintes:

Vestiario naturalista de época: recreará todos os detalles.

Vestiario de época estilizado: impresión óptica de vestiario de época, sen pretender todos os detalles.

Vestiario de cambios rápidos: con obras de gran cantidade de personaxes e poucos actores. Poden ser á vista do espectador ou entre bambolinas.

Vestiario abstracto simbólico: estilización radical do que significa o personaxe. transmítese máis o interior do personaxe que o seu exterior.

Música

A música nun espectáculo teatral pode ser ao vivo ou gravada. Tamén pode haber diferentes efectos sonoros que nos remitan a un espazo ou unha época.

Funcións da música na estrutura teatral:

- a) Transmite a atmosfera na escena.
- b) Transmite o estado de ánimo dos personaxes.
- c) Subliña refinamentos psicolóxicos, pensamentos non expresados.
- d) Sitúa o tempo da época.
- e) Sitúa a contorna.

- f) Dá un sentido de continuidade.
- g) Sostén a estrutura teatral dunha escena e dótaa dun sentido de finalidade.

A relación da música co feito teatral ten tres niveis:

- a) Música ilustrativa: a música vai coa historia. Se o personaxe está triste, a música será triste; se o personaxe está ameazado, tons escuros e sombríos. O perigo é o aburrimiento do público, pois escoita o que está vendo. Pode pasar a ser cómico sen pretendelo ou mesmo pode acadar a categoría de groseiro.
- b) Música contrapuntual: a unha persecución rápida e salvaxeponse unha música lenta e pesada. A música debe ir contra a acción. Hai que ter coidado e avaliar se os efectos son os desexados. Na escena dunha batalla, con movementos rápidos, a música pode contar a tristeza do que vemos.
- c) Música que agrega á acción: engádelle emoción. Música de tensión a unha escena aparentemente leda, o espectador sabe o que vai acontecer. Por exemplo se vemos unha nena correndo, con música leda evocará unha nena camiño do parque infantil; no entanto, con música sombría indicará que está en perigo.

Iluminación

Posicións dos focos:

- a) Luz cenital: sobre o elemento percibido. Efecto dramático. Grandes sombras.
- b) Contraluz: detrás do obxecto iluminado, que se visualiza como silueta. Efecto dramático, provocando profundidade espacial. Tende a cegar o público.
- c) Luz lateral: a un lado do iluminado proxecta sombra lateral. Pode ter tres alturas: alta, media e baixa. Hai un tipo de lateral especial chamada *sheen buster* (que bate na mazá da perna ou xemelgos), que se sitúa rasante, moi común en danza.
- d) Luz frontal: entre o espectador e o elemento percibido, iluminándoo de arriba cara a abaixo, cun ángulo entre 30º e 45º do eixo vertical.
- e) Luz nadiral: entre o espectador e o elemento percibido, iluminándoo de abaixo cara a arriba. Presenta unha imaxe sinistra ou irreal de trazos exaxerados.
- f) Luz diagonal: pode ser diagonal frontal ou diagonal contraluz, segundo a súa posición con respecto ao público. Úsase de modo expresivo.